

PREVALENCIA DO CONSUMO DE ALCOHOL E FACTORES ASOCIADOS AO CONSUMO DE RISCO EN GALICIA DURANTE 2017

Introdución. O consumo de alcohol ten importantes consecuencias sanitarias, sociais e económicas a nivel poboacional. O seu consumo asociase tanto con enfermidades non transmisibles como o cancro, como con condutas sexuais de risco, violencia ou accidentes de tráfico¹. Con todo, a percepción de risco asociada ao seu consumo é baixa², e a información que hai en relación a el é contradictoria. Por unha banda, afírmase que o consumo moderado está asociado de forma inversa con todas as causas de mortalidade³ e que protexe fronte á enfermidade cardiovascular⁴. Mais, por outra banda, afírmase que calquera cantidade de alcohol xera unha perda de saúde, o que evidencia que non existe ningún nivel seguro de consumo⁵.

Os patróns de consumo de alcohol varían entre sociedades e están influídos tanto por factores individuais como a idade, o sexo ou o nivel de estudos, como por factores sociais como a cultura ou o desenvolvemento económico dun país⁵. A influencia do sexo nos patróns de consumo está establecida e explícase, en parte, pola forte influencia que teñen os factores socioculturais na forma de consumir alcohol por parte das mulleres, sobre todo en países onde estas teñen un menor acceso á educación e ao mundo laboral. Sociedades suxeitas á crenza de que o consumo de alcohol afecta o rol social que desempeña a muller provocan unha maior restrición no seu consumo^{7,8}.

En España obsérvanse importantes diferenzas na prevalencia de consumo de alcohol nos homes e nas mulleres. Así, a partir de datos da Enquisa Nacional de Saúde de 2017 (ENSE-2017) a prevalencia nos últimos 12 meses nos homes españois de 16 anos en diante foi do 76'0% e do 55'6% nas mulleres⁹. Datos da Enquisa sobre Alcohol e outras Drogas (EDADES) realizada en 2017-2018 en poboación de 15 a 64 anos, estiman as prevalencias no 81'3% e no 69'2% en homes e mulleres, respectivamente¹⁰.

Para Galicia os datos da ENSE-2017 sitúan as prevalencias no 71'7% nos homes e no 50'0% nas mulleres. Estes datos son similares aos obtidos, tamén en 2017, a partir da información derivada do Sistema de Información sobre Condutas de Risco de Galicia (SICRI). Así, no SICRI estimouse a prevalencia de consumo de alcohol no 72'8% en homes e no 45'7% nas mulleres¹¹.

O obxectivo deste traballo é estimar a prevalencia de consumo de alcohol diario, ocasional, esporádico, *binge drinking* e de risco por sexo e idade; ademais de identificar as características que se asocian ao consumo de risco de alcohol nos homes e nas mulleres galegas de 16 anos en diante.

Metodoloxía. No ano 2005 establécese en Galicia o SICRI, un sistema de información que permite obter datos válidos e actualizados sobre diferentes factores de risco¹². Con periodicidade case anual, recóllese información da poboación residente en Galicia de 16 ou máis anos a través dunha enquisa telefónica empregando un sistema CATI (*Computed- Assisted Telephone Interview*).

No ano 2017, realizouse a novena enquisa enmarcada no SICRI. A mostra obtívose a través dunha mostraxe aleatoria estratificada empregando como marco de mostraxe a base de datos da Tarxeta Sanitaria. O tamaño de mostra calculouse garantindo a representatividade de cada un dos estratos en función do sexo e grupo de idade (16-24, 25-44, 45-64, 65 e máis) cunha prevalencia do 50% e un erro absoluto do 3'5%. As enquisas distribuíronse equitativamente por meses entre xaneiro e decembro de 2017. Realizáronse 7.841 enquisas válidas e tívose unha taxa de resposta do 78%¹¹.

No cuestionario do SICRI-2017 ampliouse, a respecto dos anos anteriores, o bloque de preguntas sobre o consumo de alcohol. Por unha banda, fixéronse preguntas específicas á poboación de 16-24 anos relacionadas coa participación en "botellóns" e a práctica do *binge drinking*. Por outra, obtívose información do consumo de risco de alcohol nos galegos de 16 anos e máis empregando o cuestionario de Identificación de Trastornos Debidos ao Consumo de Alcohol (AUDIT) desenvolvido pola Organización Mundial da Saúde (OMS)¹³. O AUDIT consta de 10 preguntas, que achegan información sobre a frecuencia de consumo de alcohol no último mes (pregunta 1) co obxectivo de clasificar á poboación como nunca bebedores,

bebedores esporádicos, bebedores ocasionais e bebedores diarios; o número de consumicións alcohólicas un día calquera (pregunta 2); sobre a frecuencia de consumo de 6 ou máis bebidas alcohólicas nun só día (pregunta 3); e sete preguntas referidas ao último ano e orientadas a identificar síntomas de dependencia, consecuencias asociadas a un consumo de alcohol prexudicial e a problemas sociais relacionados co consumo^{11,13}.

Co obxectivo de caracterizar o consumo de risco de alcohol por sexo, analizáronse diferentes variables:

A) Características sociodemográficas: grupo de idade (16-24, 25-44, 45-64 e 65 e máis), país de nacemento (España, outro país), ámbito de residencia (urbano, semiurbano, rural), situación laboral (traballa, en paro, labores do fogar, pensionista, estudante, outra situación), nivel de estudos (básicos, medios, superiores) e situación de convivencia (vive en parella, non vive en parella).

B) Indicadores de saúde: estado de saúde autopercebido (moi bo, bo, normal, malo), estado ponderal (baixo peso, peso normal, sobrepeso, obesidade) e autopercepción de peso (gordo, peso adecuado, delgado).

C) Estilos de vida: consumo de tabaco (fumador, non fumador) e consumo de cannabis (fumador, non fumador).

A continuación preséntanse as prevalencias de consumo de alcohol como a porcentaxe de homes e mulleres que consumían alcohol de forma diaria, ocasional ou esporádica no momento da enquisa; as prevalencias de *binge drinking*, como a porcentaxe de homes e mulleres que consumiron 6 ou máis bebidas no mesmo día; e ás de consumo de risco de alcohol, ou porcentaxe de homes e mulleres que obtiveron unha puntuación no test AUDIT maior ou igual a 8 puntos, tanto na poboación xeral como nos consumidores de alcohol. Ademais, estimouse o número medio de consumicións diarias en función da frecuencia de consumo (diario, ocasional e esporádico).

Para identificar as características diferenciais no consumo de risco de alcohol nos homes e nas mulleres, axustáronse modelos de regresión loxística multivariante. Estes modelos incluíron variables que se relacionaron co consumo de risco de alcohol nunha análise bivariante con $p < 0.02$.

As prevalencias, medias e Odds Ratio (OR) preséntanse acompañados de intervalos de confianza do 95% (IC95%) entre paréntese. A análise estatística realizouse con Stata v14.1.

Resultados. Na táboa 1 amósanse as características sociodemográficas da poboación galega á que representan os participantes no estudo. O 92'4% (91'5-93'3) dos homes naceron en España, o 18'3% (17'0-19'7) tiñan estudos superiores, o 67'4% (65'9-68'8) vivían en parella e o 23'8 % (22'4-25'2) eran fumadores. Entre as mulleres, o 93% (92'2-93'8) naceron en España, o 21'6% (20'3-22'9) tiñan estudos superiores, o 59'7% (58'2-61'3) vivían en parella e o 16'0% (14'8-17'2) eran fumadoras.

Como se amosa na Táboa 2, en 2017, a prevalencia de consumo de alcohol nos homes galegos de 16 e máis anos foi do 72'8% (68'6-76'9), sendo a prevalencia de consumo diario do 28'2% (26'7-29'6). En relación ás mulleres, o 45'7% (42'2-49'3) consumían alcohol e a prevalencia de consumo diario foi do 10'3% (9'3-11'3). A prevalencia de consumo diario foi sempre máis alta entre os homes, aumentando as diferenzas ao avanzar no grupo de idade. As diferenzas máximas na prevalencia de consumo diario obsérvanse na poboación de 65 anos e mais onde declaraban beber a diario o 43'9% (40'9-47'0) dos homes fronte ao 16'8% (14'5-19'1) das mulleres. Pola contra, o 54'3% (52'6-55'9) das mulleres afirmou que non consumían alcohol nunca, mentres que nos homes esta porcentaxe reduciuse ao 27'2%(25'8-28'7).

Nas persoas que toman alcohol o consumo medio nun día calquera foi máis baixo entre as mulleres; así, o 82'2% (78'1-86'4) das mulleres cun consumo diario afirmaron que bebían como máximo unha consumición fronte ao 48'7% (45'5-51'9) dos homes (Táboa 3). Por termo medio, os homes consumían 0'5 consumicións máis que as mulleres os días que bebían alcohol; así, o consumo medio de alcohol foi de 1'85 consumicións (1'80-1'90) nos homes e de 1'35 (1'31-1'38) nas mulleres.

Na poboación a prevalencia de *binge drinking* e de consumo de risco foi máis alta nos homes a calquera idade. As menores diferenzas obsérvanse no grupo de 16 a 24 anos, en ambos os dous indicadores cunha razón de prevalencias de 2'2 (Táboa 4).

son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Táboa 1. Características sociodemográficas

VARIABLES	CATEGORÍAS	HOMES				MULLERES			
		n	%	IC 95%		n	%	IC 95%	
				Lim. Inf	Lim. Sup			Lim. Inf	Lim. Sup
Grupo de idade (en anos)	16-24	911	8'4	8'3	8'6	918	7'3	7'2	7'4
	25-44	1.001	31'6	31'2	32'0	1.006	28'6	28'2	28'9
	45-64	1.001	34'3	33'9	34'8	1.002	32'6	32'2	33'0
	>=65	1.001	25'7	25'4	25'9	1.001	31'5	31'3	31'7
País de nacemento	España	3.613	92'4	91'5	93'3	3.639	93'0	92'2	93'8
	Outro país	301	7'7	6'8	8'5	288	7'0	6'2	7'9
Ámbito de residencia	Urbano	2.315	59'2	57'6	60'9	2.392	60'6	59'0	62'3
	Semiurbano	1.032	26'4	24'9	27'9	979	24'8	23'3	26'3
	Rural	559	14'4	13'2	15'5	547	14'6	13'4	15'8
Situación laboral	Traballa	1.677	50'2	48'9	51'5	1.493	40'8	39'5	42'2
	En paro	315	8'9	7'9	9'9	330	8'4	7'5	9'3
	Labores do fogar	2	0'1	0'0	0'1	499	15'4	14'2	16'6
	Pensionista	1.240	33'8	32'9	34'8	936	29'5	28'5	30'5
	Estudante	674	6'9	6'5	7'4	668	5'9	5'5	6'2
	Outra situación	6	0'1	0'0	0'2	1	0'0	0'0	0'1
Nivel de estudos	Básicos	1.991	49'8	48'2	51'3	1.877	52'1	50'8	53'5
	Medios	1.305	31'9	30'4	33'4	1.240	26'3	24'9	27'6
	Superiores	618	18'3	17'0	19'7	810	21'6	20'3	22'9
Situación de convivencia	Vive en parella	2.243	67'4	65'9	68'8	2.000	59'7	58'2	61'3
	Non vive en parella	1.671	32'6	31'2	34'1	1.927	40'3	38'7	41'9
Estado de saúde	Moi bo	611	13'0	11'9	14'1	535	11'6	10'6	12'7
	Bo	1.644	41'0	39'3	42'6	1.480	35'2	33'6	36'7
	Normal	1.278	35'2	33'6	36'8	1.382	37'0	35'3	38'6
	Malo	381	10'9	9'9	11'9	530	16'3	15'0	17'5
Estado ponderal	Baixo peso	53	0'8	0'6	1'1	188	3'5	2'9	4'1
	Peso normal	1.655	36'9	35'3	38'4	2.068	48'0	46'4	49'7
	Sobrepeso	1.594	44'5	42'8	46'1	1.159	33'3	31'8	34'9
	Obesidade	612	17'9	16'6	19'2	512	15'1	13'9	16'4
Auto-percepción do peso	Gordo	1.463	41'3	39'7	43'0	1.519	42'9	41'2	44'5
	Peso axeitado	2.019	49'6	47'9	51'2	1.996	47'0	45'3	48'6
	Delgado	432	9'1	8'2	10'0	412	10'2	9'2	11'2
Consumo de tabaco	Si	903	23'8	22'4	25'2	679	16'0	14'8	17'2
	Non	3.011	76'2	74'8	77'7	3.248	84'0	82'9	85'2
Consumo de cannabis	Non	3.717	96'0	95'4	96'7	3.835	98'6	98'3	99'0
	Si	197	4'0	3'3	4'6	92	1'4	1'1	1'7

son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Táboa 2. Prevalencia de consumo de alcohol na poboación galega de 16 anos en diante, por grupo de idade e sexo

GRUPO DE IDADE (ANOS)	FRECUENCIA DE CONSUMO	HOMES				MULLERES			
		n	%	IC 95%		n	%	IC 95%	
TODOS	Nunca	1.105	27'2	25'8	28'7	2.027	54'3	52'6	55'9
	Esporádico	639	14'9	13'7	16'0	789	17'9	16'6	19'1
	Ocasional	1.214	29'8	28'3	31'3	784	17'6	16'3	18'8
	Diario	956	28'2	26'7	29'6	327	10'3	9'3	11'3
16-24 anos	Nunca	282	31'0	28'0	34'0	371	40'4	37'2	43'6
	Esporádico	223	24'5	21'7	27'3	273	29'7	26'8	32'7
	Ocasional	382	41'9	38'7	45'1	271	29'5	26'6	32'5
	Diario	24	2'6	1'6	3'7	3	0'3	0'0	0'7
25-44	Nunca	259	26'1	23'3	28'8	512	51'7	48'6	54'9
	Esporádico	179	17'4	15'0	19'7	221	21'7	19'1	24'3
	Ocasional	430	43'0	39'9	46'1	242	23'4	20'7	26'0
	Diario	133	13'6	11'5	15'8	31	3'2	2'1	4'3
45-64	Nunca	226	22'6	20'0	25'2	504	50'3	47'2	53'4
	Esporádico	142	14'2	12'0	16'4	182	18'2	15'8	20'6
	Ocasional	273	27'3	24'5	30'0	191	19'1	16'7	21'5
	Diario	360	36'0	33'0	39'0	125	12'5	10'4	14'5
>=65	Nunca	338	33'7	30'7	36'6	640	63'9	60'9	66'9
	Esporádico	95	9'5	7'7	11'3	113	11'3	9'3	13'3
	Ocasional	129	12'9	10'8	15'0	80	8'0	6'3	9'7
	Diario	439	43'9	40'9	47'0	168	16'8	14'5	19'1

Táboa 3. Número de bebidas alcohólicas consumidas ao día pola poboación galega de 16 anos en diante que consume alcohol

TIPO	Número de consumicións	HOMES				MULLERES			
		n	%	IC 95%		n	%	IC 95%	
Todos	Unha ou menos	1.231	47'3	45'3	49'2	1.114	67'6	65'5	69'7
	Dúas	975	35'6	33'7	37'5	529	24'1	22'1	26'1
	Tres-Catro	418	12'8	11'5	14'0	220	7'5	6'3	8'6
	Cinco ou máis	185	4'4	3'7	5'1	37	0'8	0'5	1'2
Esporádicos	Unha ou menos	331	58'2	54'0	62'4	463	68'0	64'5	71'4
	Dúas	182	27'6	23'8	31'4	229	24'1	20'9	27'3
	Tres-Catro	97	10'8	8'3	13'2	88	7'4	5'6	9'3
	Cinco ou máis	29	3'4	2'0	4'9	9	0'5	0'1	0'9
Ocasionais	Unha ou menos	431	40'5	37'5	43'5	383	58'7	55'0	62'5
	Dúas	441	38'2	35'2	41'2	247	28'6	25'2	32'1
	Tres-Catro	208	14'4	12'3	16'5	128	11'2	9'0	13'5
	Cinco ou máis	134	7'0	5'6	8'4	26	1'4	0'8	2'1
Diarios	Unha ou menos	469	48'7	45'5	51'9	268	82'2	78'1	86'4
	Dúas	352	37'0	33'9	40'1	53	16'2	12'2	20'3
	Tres-Catro	113	12'1	10'0	14'2	4	1'2	0'0	2'3
	Cinco ou máis	22	2'2	1'3	3'1	2	0'4	0'0	1'0


son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Táboa 4. – Prevalencia de binge drinking nos galegos de 16 anos en diante no conxunto da poboación e nos consumidores de alcohol, por sexo

POBOACIÓN DE REFERENCIA	IDADE (en anos)	HOMES				MULLERES			
		n	%	IC 95%		n	%	IC 95%	
Na conxunto da poboación	16-24	911	37'2	34'1	40'4	918	17'4	15'0	19'9
	25-44	1001	29'7	26'8	32'6	1.006	6'5	4'9	8'0
	45-64	1.001	13'4	11'3	15'5	1.002	1'3	0'6	2'0
	>=65	1.001	4'3	3'0	5'5	1.001	0'2	0'0	0'5
Nos consumidores	16-24	629	53'9	50'0	57'8	547	29'3	25'4	33'1
	25-44	742	40'2	36'6	43'7	494	13'4	10'3	16'4
	45-64	775	17'3	14'6	19'9	498	2'6	1'2	4'0
	>=65	663	6'4	4'6	8'3	361	0'6	0'0	1'3

Binge drinking: consumo de 6 ou máis bebidas alcohólicas nun mesmo día.

Figura 1. Características asociadas ao consumo de risco de alcohol nas mulleres galegas de 16 anos en diante. Odds ratio (OR) e intervalo de confianza ao 95% (IC95%).




son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Táboa 5. – Prevalencia de consumo de risco de alcohol nos galegos de 16 anos en diante no conxunto da poboación e nos consumidores de alcohol, por sexo.

POBOACIÓN DE REFERENCIA	IDADE (en anos)	HOMES				MULLERES			
		n	%	IC 95%		n	%	IC 95%	
Na poboación	16-24	911	15'4	13'0	17'7	918	7'0	5'3	8'6
	25-44	1.001	7'6	5'9	9'2	1.006	1'1	0'5	1'7
	45-64	1.001	4'0	2'8	5'2	1.002	0'7	0'2	1'2
	>=65	1.001	3'0	2'0	4'1	1.001	0'5	0'1	0'9
Nos consumidores	16-24	629	22'3	19'0	25'5	547	11'7	9'0	14'4
	25-44	742	10'3	8'1	12'5	494	2'3	0'9	3'6
	45-64	775	5'2	3'6	6'7	498	1'4	0'4	2'4
	>=65	663	4'5	3'0	6'1	361	1'4	0'2	2'6

Figura 2. Características asociadas ao consumo de risco de alcohol nos homes galegos de 16 anos en diante. Odds ratio (OR) e intervalo de confianza ao 95% (IC95%).



A prevalencia de consumo de risco tamén medrou coa idade e foi maior en homes que en mulleres (Táboa 5), mentres que as características asociadas a un consumo de risco en homes e mulleres reflicte a existencia de características comúns que aumentan a probabilidade deste tipo de consumo como ter menor idade (16-24 anos), non vivir en parella, autoperibirse como unha persoa “gorda” e ser fumador de tabaco ou cannabis. No caso dos homes, tamén se asociaron a un consumo de risco ter un nivel de estudos básicos ou medios e autoperibir o seu estado de saúde como “moi bo” ou “bo/normal”. Nas mulleres non se identificou ningunha variable adicional (Figuras 1 e 2)

Comentario. Os resultados obtidos neste traballo mostran as importantes diferenzas que hai en canto as prevalencias de consumo de alcohol a diario, de xeito ocasional, de *binge drinking* e de consumo de risco en Galicia en homes e mulleres. Así, as prevalencias globais de consumo sempre son máis altas nos homes, se ben as diferenzas diminúen no grupo de menos idade (16-24 anos). Ademais, é neste grupo no que as prevalencias de nunca bebedores aseméllanse máis en homes e mulleres. As características diferenciais que se asocian a un consumo de risco son o nivel de estudos básicos e medios e a autopercepción do estado de saúde como moi bo ou bo/normal nos homes.

A vista estes resultados é necesario desenvolver campañas de información e programas de saúde dirixidos a concienciar, sobre todo aos mozos, dos efectos nocivos que produce o consumo de alcohol. Estes programas deben ter en conta as diferenzas atopadas no consumo en función do sexo, cara orientar as intervencións aos grupos poboacionais con prevalencias máis altas. Así mesmo, débese potenciar a detección precoz do consumo de risco de alcohol na poboación galega e ter en conta no deseño dos programas as diferenzas atopadas nos consumidores de risco en función do sexo

Referencias.

- 1 Organización Mundial de la Salud. Alcohol [Internet]. 2018. Dispoñible en: [ligazón](#).
- 2 Grupo de Trabajo sobre Alcohol (GTOH) de la Sociedad Española de Epidemiología. Alcohol y salud pública: hechos y datos Posicionamiento oficial de la Sociedad Española de Epidemiología. 2016.
- 3 Di Castelnuovo A et al. Alcohol dosing and total mortality in men and women: and updated meta-analysis of 34 prospective studies. *Arch Intern Med* 2006; 166: 2437-45
- 4 Brien SE et al. Effect of alcohol consumption on biological markers associated with risk of coronary heart disease: systematic review and meta-analysis of interventional studies. *Br Med J* 2011; 342: 636-6.
- 5 GBD 2016 Alcohol Collaborators. Alcohol use and burden for 195 countries and territories, 1990-2016: a systematic analysis for the Global Burden of Disease Study 2016. *Lancet* 2018; 392: 1015-35.
- 6 WHO Global Status Report on Alcohol and Health 2014. WHO. World Health Organization; 2016.
- 7 Galán I et al. Patrones de consumo de alcohol en España: Un país en transición. *Rev Esp Salud Publica* 2014; 88: 529-40.
- 8 Wilsnack RW et al. Gender differences in alcohol consumption and adverse drinking consequences: Cross-cultural patterns. *Addiction* 2000; 95: 251-65.
- 9 Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social - Portal Estadístico del SNS - Encuesta Nacional de Salud de España 2017. Dispoñible en: [ligazón](#).
- 10 Plan Nacional sobre Drogas. Encuesta Domiciliaria sobre Alcohol y Drogas en España 2017. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. Dispoñible en: [ligazón](#).
- 11 SICRI-2017 - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde [Internet]. [citado 12 de mayo de 2020]. Dispoñible en: [ligazón](#).
- 12 DXSP. SICRI: Sistema de Información sobre Conductas de Riesgo. Dispoñible en: [ligazón](#).
- 13 Babor TF et al. Cuestionario de Identificación de los Transtornos debidos al Consumo de Alcohol. 2001.